

XV. UNHA VISITA DE TOUSSAINT A COMPOSTELA

Boas tardes. Esta semana, invitado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, institución que agrupa os escritores que escriben en galego e que a ela queren pertencer, sen restrición de ideoloxía nin credo, vai visitar Galiza Jean-Philippe Toussaint. Se cadra o nome non lles di nada en particular. Trátase dun escritor belga, nacido no 1957, e por tanto da mesma xeración que Manuel Rivas, Gonzalo Navaza, Antón Reixa ou este que lles escribe, exiliado nos tempos dos tres lustros de fraguismo que asolaran Galiza. Jean-Philippe e mais eu coincidimos en moitas cousas, entre elas en vivir en Bruxelas –aínda que el sexa ben máis viaxeiro ca min– e en escribir narrativa non tanto con ansias de agradar ao gran público con textos *facilóns* como con vontade de innovar nas formas e nos contidos.

O primeiro libro que del lín titulábase *La salle de bain*, de 1985 e relataba a historia de alguén que un bo día decidira mudarse a vivir ao cuarto de baño, e alí instalara as súas roupas, o seus libros e o seu leito, por suposto na bañeira. Foi unha xeira divertida na que tamén lín unha obra da escritora xaponesa Banana Yoshimoto, titulada *Kitchen*, na que a personaxe central se mudaba a vivir á cociña, considerando o espazo a carón da neveira o mellor lugar para durmir. As dúas obras teñen confluencias imaxinativas con aquela xenialidade de Italo Calvino que era *O barón rampante*, na que se contaba a historia dun cabaleiro que decidira ir vivir nunha árbore. Unha árbore, a sala de baño, a cociña ou o oco dunha escaleira, que é onde vive Dióxenes de Matongué, do que xa lles falei hai uns meses neste mesmo espazo.

Volvendo ao rego dicir que dende 1985 até agora, a obra de Toussaint ten evolucionado moito na temática e sobre todo no ritmo, como o demostra o seu traballo *Fuxir*, felizmente traducido ao galego por iniciativa da editorial Galaxia, en que dá unha lección maxistral de cambio de ritmo narrativo entre unha primeira parte realmente frenética, que se desenvolve en Asia e unha segunda parte realmente lenta, mesmo se diría que barroca no tratamento do tempo, que se desenvolve nunha illa italiana, mudando se cadra os estereotipos que temos de ritmo vital nas

dúas partes do mundo. O libro *Fuxir*, conseguiu en Francia, no ano 2005, o prestixioso premio Médicis á mellor novela estranxeira. Un premio que serviu para asentarse definitivamente a Jean-Philippe Toussaint como un dos escritores punteiros da narrativa europea actual.

A axenda da súa visita, que inaugura o ciclo Escritores en Compostela, comezará cun encontro cos escritores o día 6 de febreiro e terá como acto central a presentación do seu libro *Fuxir* no Casino de Santiago o día 7 e a visita que o escritor realizará a Vigo para visitar a editorial Galaxia no día 8. Tres días intensos onde o autor intercambiará ideas e experiencias cos seus colegas escritores galegos, onde presentará o seu traballo e se deixará engaiolar pola espírito de Compostela.

Por hoxe máis nada. Quedamos na espera de que outros traballos de Toussaint sexan traducidos ao galego. Será sempre unha boa cousa. Non esquezan, se teñen tempo non dubiden en ler este *Fuxir* de Jean-Philippe Toussaint, que de seguro non lles deixará indiferentes.

Bruxelas, 4 de febreiro de 2008.